

4.2 Curso: Protección de la Información I

4.2.1 28 de Mayo del 2.005

—[DUVI Diario da Universidade de Vigo]—



DUVI
Diario da Universidade de Vigo

www.uvigo.es
Web Universidade de Vigo

HOXE ANTERIORES SUSCRIPCIÓNS WEBMASTER

BUSCADOR 28/05/2005

CAMPUS

INSTITUCIONAL

INVESTIGACION

ARTES

PUBLICACIÓNS

DEPORTES

NÓS/OUTR@S

AXENDA

CONVOCATORIAS

KIOSCO

TABOLEIRO

Actividades

A seguridade informática sométese a debate
Un curso informará dende o luns sobre os principais instrumentos legais



C.C.P. | Vigo

Cofecer os principais instrumentos técnicos e legais para acadar a máxima seguridade na rede. Esa é a finalidade do curso organizado por Extensión Universitaria que, dende o luns, se desenvolverá no Edificio Fundación do campus de Vigo.

Ao longo de catro días, os participantes poderán cofecer de primeira man asuntos como a regulación europea e española en materia informática ou as diferentes actuacións dos grupos de delitos telemáticos ante as denuncias.

As intervencións virán da man do xefe do equipo de delitos telemáticos da Garda Civil de Pontevedra, Gonzalo Sotelo Seguí e do capitán da Unidade Orgánica de Policía Xudicial de Pontevedra, Luis Martín Velasco.

O curso, dirixido por José Luis Rivas López, afondará ademais nas claves da seguridade na rede, da man do director do Servizo Informático de Investigación da Universidade (Seinv), Miguel Jiménez, así como na seguridade nos sistemas, a cargo do representante de Consultor Optare Solutions, Xosé Ramón Sousa.

Tamén se aportará información sobre a climatización nos centros de procesos de datos, nunha conferencia impartida polo director de Produción Anicalor, Pedro Lemos, así como wireless e audítorias, da man do responsable de Enxeñaría de Sistemas Comunitel Global, Luis Álvarez Sestelo, e o catedrático da Universidade José Enrique Ares.

Durante a xornada do mércores, os ponentes afondarán nas bases xurídicas sobre protección de datos de carácter persoal e na regulación española ao respecto en diferentes conferencias impartidas polo cofundador do bufete Pintos & Salgado, Iñigo Pintos. Neste sentido, e coa intención de proporcionar aos alumnos a información suficiente e actualizada en materia legal, entregaráselles unha copia do libro *Protección da información*, publicado en formato dixital.

O curso rematará o xoves cunha mesa redonda na que se cuestionará a suficiencia na regulación das medidas de seguridade e a conveniencia ou non das sancións actuais en materia informática, da man do representante de Pintos & Salgado, Víctor Salgado, e do director do curso, José Luis Rivas López.

Para acceder ao programa do curso pode premerse en [Máis información](#)

Máis información | Volver | Portada de hoxe | Portada doutra data

Qualitas boletín
Universidade de Vigo

- ▶ Área das Tecnoloxías da Información e da Comunicación - ATIC
- ▶ Relacións Internacionais - ORI
- ▶ Oficina de I + D
- ▶ Medio Ambiente OMA
- ▶ Deportes
- ▶ Área de Normalización Lingüística (ANL)
- ▶ Área de Posgrao Virtual
- ▶ Biblioteca
- ▶ Cátedras de Empresa
- ▶ Extensión Universitaria
- ▶ Cidade Universitaria
- ▶ EXTRA verano 2004
- ▶ GUVI por Brainstorming

DUVI
Diario da Universidade de Vigo

Buscador | Campus | Institucional | Investigación | Artes |
Publicacións | Deportes | Nos/outr@s | Axenda | Convocatorias |
Kiosco | Taboleiro

http://www.duvi.uvigo.es/guest_noticia.asp?Ida=NOTICIAS&dave_noticia=736530/05/2005 17:56:31

4.2.2 31 de Mayo del 2005

--[DUVI Diario da Universidade de Vigo]--



DUVI
Diario da Universidade de Vigo

www.uvigo.es
Web Universidade de Vigo

BUSCADOR 31/05/2005

- CAMPUS
- INSTITUCIONAL
- INVESTIGACION
- ARTES
- PUBLICACIONES
- DEPORTES
- NÓS/OUTR@S
- AXENDA
- CONVOCATORIAS
- KIOSCO
- TABOLEIRO

Actividades

O aumento dos ataques na rede obriga ás empresas a establecer mecanismos permanentes de seguridade



J.J.C.P. | Vigo
As políticas de prevención e seguridade en Internet son cada vez máis necesarias nas empresas debido ao aumento das ameazas e ataques aos seus sistemas e redes. Estas son algunhas das conclusións extraídas da primeira xornada do curso de Extensión Universitaria que se desenvolve nesta semana no Edificio Fundación do campus vigués.

No ano 2004 rexistráronse na rede máis de 137 000 incidentes relacionados coa seguridade, segundo os datos reportados ao Centro de Coordinación do CERT, un organismo internacional que vela pola seguridade informática. O tempo medio de ataque a un equipo conectado á rede baixou dos quince minutos de hai uns anos ao minuto na actualidade, segundo expuxo o director dos Servizos Informáticos de Investigación da Universidade, Miguel Jiménez.

Os principais incidentes detectados no pasado ano foi o escaneo de equipos e redes, un paso previo para coñecer "os puntos de vulnerabilidade" do sistema, explicou Jiménez, xunto cos ataques de *gusanos* e *troyanos*, os accesos non permitidos e a denegación de servizos ao usuario lexítimo.

Por todos estes motivos, a necesidade de establecer unha política de prevención e seguridade con respecto a Internet é cada vez máis grande nas empresas. Neste senso, Jiménez apuntou á necesidade dun desenvolvemento "cíclico" no que se establezan auditorías e controis periódicos.

O análise das posibles ameazas debe ser o paso previo na elaboración dos protocolos de protección nas empresas. Entre os factores que afectan á seguridade, ademais dos tecnolóxicos, hai que ter en conta os procesos e procedementos que se levan a cabo día a día e o nivel de formación dos usuarios e responsables informáticos, segundo dixo Jiménez. A posta en práctica dunha política eficaz debe servir para previr e deter os posibles ataques, pero debe ter en conta tamén mecanismos de recuperación da información almacenada.

Demanda dun colexio
Doutra banda, o Asociación de Enxeñeiros de Informática de Galicia (AEIG) demandou nos últimos días a creación en Galicia dun Colexio Profesional e unha regulación que controle as actividades que non sexan éticas ao igual que sucede noutros colectivos. O colectivo reúne aos enxeñeiros informáticos galegos e forma parte da Federación Nacional de Asociacións de Enxeñeiros en Informática (AI2).

Qualitas boletín
Universidade de Vigo

- Área das Tecnoloxías da Información e da Comunicación - ATIC
- Relacións Internacionais - ORI
- Oficina de I +D
- Medio Ambiente OMA
- Deportes
- Área de Normalización Lingüística (ANL)
- Área de Posgrao Virtual
- Biblioteca
- Cátedras de Empresa
- Extensión Universitaria
- Cidade Universitaria
- EXTRA verano 2004
- GUVI por Brainstorming

[Volver](#) | [Portada de hoxe](#) | [Portada doutra data](#)

DUVI
Diario da Universidade de Vigo

Buscador | Campus | Institucional | Investigación | Artes |
Publicacións | Deportes | Nos/outros@s | Axenda | Convocatorias |
Kiosco | Taboleiro

http://www.duvi.uvigo.es/proba_noticia.asp?tabla=NOTICIAS&dave_noticia=739331/05/2005 15:19:01

4.2.3 1 de Junio del 2005

--[DUVI Diario da Universidade de Vigo]--



DUVI
Diario da Universidade de Vigo

www.uvigo.es
Web Universidade de Vigo

HOXE
ANTERIORES
SUSCRIPCIÓNS
WEBMASTER

BUSCADOR 1/06/2005

CAMPUS

INSTITUCIONAL

INVESTIGACION

ARTES

PUBLICACIÓNS

DEPORTES

NÓS/OUTR@S

AXENDA

CONVOCATORIAS

KIOSCO

TABOLEIRO

Actividades

**Segunda xornada do curso de seguridade informática
Os atrancos na investigación dos delitos na rede**



J.J.C.P. | Vigo

O proceso de investigación dos actos delictuosos cometidos a través de rede é en ocasións "unha carreira de obstáculos", segundo explicou o xefe do equipo de Delictos Telemáticos da Garda Civil de Pontevedra, Gonzalo Sotelo, na segunda xornada do curso de Extensión Universitaria sobre seguridade informática. Os equipos especializados das forzas de seguridade enfróntanse a cotío a dificultades como a determinación do suxeito e o lugar do delito ou o establecemento da conexión de causalidade.

Gonzalo Sotelo indicou que Internet pode ser utilizada de forma ilícita "como un arma, como unha ferramenta para cometer un delito corrente ou como dispositivo de comunicacións". Estes actos caracterízanse pola súa rapidez na comisión e a facilidade para encubrir os feitos e borrar as probas, que dificultan a tarefa dos equipos investigadores.

Por este motivo, Sotelo remarcou a necesidade "dunha educación" dos particulares e das empresas, sobre todo as pemes, en materia de seguridade xa que, segundo asegurou, "neste eido estamos case a cero". As forzas de seguridade tiveron que adaptarse tamén ás novas tecnoloxías e, desde a primeira investigación deste tipo desenvolvida pola Garda Civil no ano 1996, constituíuse o primeiro Grupo de Delictos de Alta Tecnoloxía no 1999 e os actuais grupos provinciais a partir do 2003.

Ante unha denuncia dun ataque informático, a Garda Civil procede cunha inspección ocular na que, segundo explicou Gonzalo Sotelo, "o fundamental é preservar as evidencias". Nesta primeira fase, preséntanse os primeiros atrancos como a disxuntiva de "apagar ou non apagar o equipo", que deberá estudarse para cada situación concreta.

A investigación pasa despois á procura das evidencias dixitais no equipo interceptado para o que, coa autorización xudicial previa, procédese a clonar o disco duro "coas mínimas manipulacións posibles" para non invalidar as posibles probas ou evidencias, dixo Sotelo. A fase final é común coas investigacións tradicionais, xa que é necesario levar a cabo o "papelexo" para presentar no xulgado.

Na xornada de onte, o curso afondou tamén noutros aspectos relacionados coa seguridade como a climatización nos centros de procesos de datos, as auditorías o as perspectivas das redes wireless. Hoxe abordaranse os aspectos legais da protección de datos en Europa e en España.



Qualitas boletín
Universidade de Vigo

- ◆ Área das Tecnoloxías da Información e da Comunicación - ATIC
- ◆ Relacións Internacionais - ORI
- ◆ Oficina de I +D
- ◆ Medio Ambiente OMA
- ◆ Deportes
- ◆ Área de Normalización Lingüística (ANL)
- ◆ Área de Posgrao Virtual
- ◆ Biblioteca
- ◆ Cátedras de Empresa
- ◆ Extensión Universitaria
- ◆ Cidade Universitaria
- ◆ EXTRA verano 2004
- ◆ GUVI por Brainstorming

Volver | Portada de hoxe | Portada doutra data

DUVI
Diario da Universidade de Vigo

Buscador | Campus | Institucional | Investigación | Artes |
Publicacións | Deportes | Nos/outri@s | Axenda | Convocatorias |
Kiosco | Taboleiro

http://www.duv.uvigo.es/proba_noticia.asp?tabla=NOTICIAS&dave_noticia=74001062005193305

4.2.4 3 de Junio 2.005

—[DUVI Diario da Universidade de Vigo]—



DUVI
Diario da Universidade de Vigo

www.uvigo.es
Web Universidade de Vigo

HOXE | ANTERIDRES | SUSCRIPCIÓNS | WEBMASTER

BUSCADOR 3/06/2005

- CAMPUS
- INSTITUCIONAL
- INVESTIGACION
- ARTES
- PUBLICACIÓNS
- DEPORTES
- NÓS/OUTROS
- AXENDA
- CONVOCATORIAS
- KIOSCO
- TABOLEIRO

Actividades

O curso sobre seguridade informática procurou o achegamento entre técnicos e xuristas



Rivas (esquerda) e Salgado

J.J.C.P. | Vigo

O curso de Extensión Universitaria sobre seguridade informática finalizou onte cunha análise da lexislación actual sobre protección de datos en España e na Unión Europea. Ao longo da semana, os estudantes puideron aproximarse aos principais instrumentos técnicos e legais na procura dunha maior seguridade en Internet co obxectivo de formar a especialistas con coñecementos nos dous eidos.

Despois de recibir nas primeiras xornadas os coñecementos en materia de seguridade na rede, os estudantes do curso afondaron onte na base histórica e xurídica da protección de datos. Segundo o director do curso, José Luis Rivas, a Lei Orgánica de Protección de Datos vixente en España desde 1999 "é unha das máis duras de Europa en canto ás sancións".

O avogado Víctor Salgado, do bufete Pintos&Salgado, explicou que a protección dos ficheiros de datos afecta a todas as empresas xa que "na práctica é imposible traballar só con sociedades". Calquera empresa que teña un ordenador e o use para introducir datos persoais a través de facturas, cartas ou correos electrónicos debe, por tanto, axustarse á lexislación.

Outro dos principais problemas aos que se enfrontan as empresas é o concepto de ficheiro xa que, segundo indicou Salgado, "non é o mesmo unha definición técnica que xurídica". Desde a perspectiva deste eido, os ficheiros están determinados pola súa estrutura, finalidade e datos que conteñan.

Victor Salgado engadiu que as pequenas e medianas empresas teñen outro grande problema derivado do uso das aplicacións ofimáticas máis comúns como procesadores de texto ou follas de cálculo. A maioría destes programas non están pensados para implementar medidas de seguridade xa que pertencen a empresas dos Estados Unidos, onde non existe lexislación sobre protección de datos.

Salgado e Rivas afondaron na xornada de clausura noutros aspectos como a realización de copias históricas dos arquivos co obxectivo de formar aos estudantes no eido técnico e xurídico e, deste xeito, "facilitar o entendemento entre os dous campos", segundo o director do curso.

Volver | Portada de hoxe | Portada doutra data

Qualitas boletín
Universidade de Vigo

- Área das Tecnoloxías da Información e da Comunicación - ATIC
- Relacións Internacionais - ORI
- Oficina de I + D
- Medio Ambiente OMA
- Deportes
- Área de Normalización Lingüística (ANL)
- Área de Posgrao Virtual
- Biblioteca
- Cátedras de Empresa
- Extensión Universitaria
- Cidade Universitaria
- EXTRA verano 2004
- GUVI por Brainstorming

DUVI
Diario da Universidade de Vigo

Buscador | Campus | Institucional | Investigación | Artes |
Publicacións | Deportes | Nos/outros | Axenda | Convocatorias |
Kiosco | Taboleiro

http://www.duvi.uvigo.es/jneba_noticia.asp?tabla=NOTICIAS&dave_noticia=74250306/2005 16:19:45

JOSÉ LUIS RIVAS LÓPEZ